

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI E A ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS DE ARTES ESCÉNICAS (ESCENA GALEGA) PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DE ACTIVIDADES RELACIONADAS COA PROGRAMACIÓN DE ESPECTÁCULOS NO MERCADO DE ARTES ESCÉNICAS GALICIA ESCENA PRO 2022

Santiago de Compostela

COMPARECEN

Por unha banda, Jacobo Sutil Nesta, director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), actuando por delegación do Consello Reitor da axencia, en virtude do disposto no Decreto 150/2021, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais e na resolución do 24 de xullo de 2012 (Diario Oficial de Galicia do 29 de agosto de 2012).

Por outra banda, Santiago Cortegoso Calvar, na súa calidade de presidente da Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (en adiante Asociación), con NIF G-15834773, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido nos seus estatutos e na acta da asemblea xeral do 22.02.2022.

As partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO. A Axencia Galega das Industrias Culturais, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

SEGUNDO. A Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas é, segundo os seus estatutos, un organismo de carácter profesional e autoxestor que integra empresas e empresarios individuais, legalmente constituídos, coa produción de toda clase de espectáculos escénicos como actividade fundamental, e que ten como fins principais a representación, defensa, xestión e promoción dos intereses dos seus asociados e o fomento e a consolidación das empresas de artes escénicas e da actividade escénica profesionalizada.



TERCEIRO. Este convenio de colaboración enmárcase na liña 2 –*Feiras e festivais*– da planificación estratéxica da Agadic de actuacións de fomento de actividades mediante convenios de colaboración con fins culturais con entidades de carácter cultural e corporacións locais no ano 2022, aprobada o 18.01.2022.

Este instrumento de colaboración enmárcase dentro programa de gasto da Agadic 432B –*Fomento das actividades culturais*–, cuxo obxectivo principal se centra en desenvolver as grandes liñas de actuación para o apoio á cultura galega, de xeito que se propicie un compromiso da sociedade galega e das institucións para facer da cultura un dos elementos centrais da vida da nosa sociedade e da súa imaxe no mundo. Este programa de gasto estará aliñado coas liñas e obxectivos estratéxicos delimitados na Estratexia da Cultura Galega 21, para garantir a máxima difusión da actividade cultural en todo o territorio de Galicia e entre toda a cidadanía, ademais de asentarmos un tecido social e empresarial significativo e produtivo nos sectores da cultura galega.

A Agadic promove e organiza o mercado de artes escénicas Galicia Escena PRO (GEP), que celebra en 2022 a súa novena edición co obxectivo de ser, ademais de canle de exhibición de producións escénicas de recente creación, punto de encontro profesional que busca estimular a dinámica comercial e a proxección social da creación escénica galega.

En 2019 a Agadic abriu unha nova etapa no desenvolvemento deste proxecto marcada pola implicación de entidades con obxectivos afíns de cara a reforzar as finalidades coas que naceu este evento. Neste sentido, a Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas-Escena Galega é a entidade que aglutina o maior peso específico dentro do sector, representando a máis de 50 compañías escénicas galegas que a postulan como o referente do sector profesional das artes escénicas galegas, o que a convirte na entidade máis idónea para a execución deste programa.

A Asociación, atendendo aos seus fins, vén promovendo de forma continuada un programa de actividades e servizos de carácter colectivo e asistencial así como de fomento de todo tipo de iniciativas que redundan na defensa e potenciación das artes escénicas, e que se concretan nas actividades que leva a cabo para a promoción e visibilización do tecido profesional da escena galega coa asistencia á feiras escénicas e encontros sectoriais así como coa formación, mellora profesional e asistencia ás empresas asociadas e desenvolvemento de proxectos estratéxicos. De maneira especial, xa dende 2015 vén apostando de forma clara polo aglutinamento do sector, por un plan de traballo a medio e longo prazo e polo desenvolvemento de estratexias de visibilización do traballo das compañías tanto en Galicia como fóra da comunidade, en especial nos mercados máis importantes para as artes escénicas galegas. Nese sentido, Galicia Escena PRO constitúese como un evento indispensable de visibilización da produción escénica galega e para o artellamento das relacións entre compañías e profesionais da programación e é aí onde a Asociación pode desenvolver o labor de instrumento aglutinador das necesidades das compañías de cara a xestionar a súa presenza no evento.

CUARTO. A Agadic considera necesario impulsar a relación entre os distintos axentes culturais galegos no ámbito escénico, establecendo programas de cooperación con outros centros con fins semellantes ou complementarios. Todo este esforzo no fomento dun sector como o escénico que realiza a Asociación coa organización destas actividades, ao que hai que sumar o seu papel de interlocutora de referencia das institucións públicas e do sector empresarial da escena galega,



coincide plenamente coa liña de difusión e promoción da industria teatral que a Agadic está a levar a cabo, de aí que considere fundamental a colaboración mutua nestas iniciativas, que garanten a calidade, profesionalidade e o éxito, sen dúbida, do programa.

Unha maior eficacia dos recursos dispoñibles fai necesaria a estreita colaboración coas asociacións, fundacións e institucións galegas para que, en cada ámbito respectivo de actuación, se poidan realizar, sumando e compartindo esforzos, as actividades culturais que se estimen de interese e utilidade social e cultural. Doutro xeito non sería posible para a Agadic asumir en solitario os custos de todas as actividades culturais que se consideran esenciais para o desenvolvemento cultural en Galicia. E son estes convenios ferramentas imprescindibles de colaboración que axudan a equilibrar os custos e as necesidades ademais de garantir a calidade dos eventos e das súas programacións.

Polo anteriormente exposto, as partes, no nome e representación en que concorren e con capacidade legal para este acto, acordan as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer o marco de colaboración para o desenvolvemento de actividades relacionadas coa programación de espectáculos na novena edición do mercado de artes escénicas Galicia Escena PRO 2022, que se celebra en Santiago de Compostela do 6 ao 9 de xuño.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS DO PROGRAMA

A programación desenvolverase na cidade de Santiago de Compostela do 6 ao 9 de xuño, a través da selección de espectáculos, da coordinación e apoio á posta en escena nos diferentes espazos de exhibición e do establecemento de canles de comunicación entre as compañías e os axentes do sector de cara a estimular a dinámica comercial e a proxección social da creación escénica galega, así como outras actividades de apoio profesional.

TERCEIRA. OBRIGA DAS PARTES

A organización e desenvolvemento das actividades obxecto do convenio serán realizadas pola entidade nun proceso de colaboración continua coa Agadic.

Serán obrigas da entidade:

1. A selección dos espectáculos a través dunha comisión artística integrada por profesionais do sector.



2. A coordinación e desenvolvemento da produción e apoio técnico e de persoal na posta en escena dos espectáculos nos distintos espazos de exhibición.
3. O labor de comunicación entre as compañías e os axentes do sector co establecemento dun punto de encontro dende o que dinamizar as relacións de carácter comercial entre programadores e axentes e compañías.
4. A realización de actividades de apoio profesional a través de mesas de traballo.
5. Dar publicidade da colaboración pública nas actividades conveniadas. Para estes efectos, todos os materiais ou soportes de difusión, impresos e en liña, deberán incluír os logotipos da Xunta de Galicia e Xacobeo 21.22, de acordo cos seus respectivos manuais de identidade corporativa.
6. A implementación de todos os protocolos e medidas hixiénico-sanitarias establecidas legalmente.
7. Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de que non ten pendentes de pagamento débedas coa comunidade autónoma.
8. Comunicarlle á Agadic a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou outros recursos que financien a actividade conveniada procedentes de calquera administración ou entres públicos ou privados. Esta comunicación debe efectuarse tan axiña como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos percibidos.
9. Reintegrar as cantidades que, no seu caso, se adiantaran pola Agadic, no suposto de que, por calquera circunstancia, as actividades obxecto deste convenio non foran realizadas ou non se axustaran ao plan previsto.
10. Someterse ás accións de comprobación que realice a Xunta de Galicia, así como prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao Consello de Contas de Galicia.

Serán obrigas da Agadic:

1. Aboar a achega económica comprometida para o desenvolvemento de actuacións previstas no convenio de colaboración.
2. Apoio nos procesos de produción da posta en escena dos espectáculos así como nas xestións para a selección dos espazos de exhibición.
3. Comunicación e difusión das actividades obxecto do convenio.

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométese a facer mención expresa da colaboración da Xunta de Galicia no desenvolvemento das actividades conveniadas. As entidades comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a imaxe corporativa do Xacobeo 21.22 e a da Xunta de Galicia, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa.

CUARTA. RÉXIME ECONÓMICO

1. Para a realización conxunta do programa de actividades conveniadas, a Agadic realizará unha achega de **50.000 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 10.A1.432B.640.1 dos orzamentos



xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, nas que existe crédito axeitado e abondo.

2. O orzamento total das actividades do proxecto é de 54.026,50 (impostos incluídos) consonte a seguinte desagregación:

GASTOS	IMPORTE
SELECCIÓN DE ESPECTÁCULOS	3.025
Selección de espectáculos (gastos relativos ao proceso de selección dos espectáculos tanto en formato completo como pitching)	
PRODUCCIÓN E APOIO Á POSTA EN ESCENA DOS ESPECTÁCULOS	39.506,50
1. Coordinación da produción	4.356
2. Axudantes de produción (gastos relativos ao persoal especializado en axudantía de produción para labores de asistencia e apoio á persoa responsable da coordinación da produción)	1.694
3. Persoal técnico (persoal técnico especializado para as distintas montaxes técnicas dos distintos espectáculos, incluíndo todo o proceso: carga e descarga, iluminación...)	19.360
4. Persoal de sala (persoal especializado para a atención a sala e xestión do público (invitacións, público acreditado, acomodación, entradas e saídas...).	1.089
5. Material técnico (gastos correspondentes ao alugamentos de material técnico de reforzo necesario para as montaxes dos espectáculos, tanto a nivel de acondicionamento de espazos para o feito escénico coma elementos de iluminación e son).	8.712
6. Servizos de vixilancia, limpeza e hixienización dos espazos	4.295,50
ZONA PRO E CREACIÓN DE ESPAZOS PROFESIONAIS PARA COMPAÑÍAS E AXENTES	7.865
1. Equipo de facilitadores Zona PRO (profesionais que xestionarán a zona profesional e as relacións entre compañías e resto de axentes (reunións, roldas de negocio...)	3.872
2. Acondicionamento Zona PRO (material necesario para o desenvolvemento da zona profesional no espazo Abanca, incluíndo cátering para os asistentes e alugamento dos equipos informáticos necesarios para a xestións das actividades profesionais).	3.993
XESTIÓN ECONÓMICA DAS ACTIVIDADES	3.630
TOTAL	54.026,50

3. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido neste convenio.

4. No caso de que o importe de xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do orzamento presentado, a achega da Agadic diminuírase proporcionalmente.

5. O prazo de xustificación das actuacións deste convenio remata o 20 de setembro de 2022. Non obstante, se existen cotas de seguros sociais liquidables e obrigas análogas con posterioridade á data de xustificación, estas poderanse presentar como data límite o 15 de xaneiro do ano 2023.



QUINTA. CONDICIÓN DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN

1. A entidade deberá xustificar o custo total da actividade.
2. Da achega comprometida pola Agadic (50.000 euros), poderanse facer pagamentos parciais que respondan ao ritmo de execución da actividade como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á colaboración.

A este respecto, admitirase un primeiro pagamento por importe de ata 18.000 logo da realización dos seguintes procesos: selección de espectáculos tanto en formato completo como pitching; procesos de preproducción relativos á coordinación de produción e axudantías de produción; labores de xestión na preparación da zona profesional por parte dos facilitadores; e servizos de xestión económica. A entidade deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións realizadas co custo das actividades.

3. A cantidade restante aboarase logo da presentación da seguinte documentación xustificativa:

- a. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas. Deberá incluír documentación gráfica das actuacións efectuadas coa inclusión dos logotipos da Xunta de Galicia e do Xacobeo 21.22.

- b. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

- b.1. Relación clasificada de gastos da actividade, con identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio, concepto do gasto claramente expresado, importe (con IVE e sen IVE), data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe.

- b.2. Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

- b.3. En relación aos documentos que acrediten os custos de persoal: a copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT, TC2) e o seu pagamento (xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social [RLC, TC1]).

- b.4. En relación ás nóminas e facturas con retención de IRPF, deberá presentarse o modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) dos trimestres correspondentes á xustificación entregada, así como xustificación acreditativa do ingreso.

- b.5. Memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados para a realización das actividades: desviacións ou variacións económicas habidas con respecto ás partidas inicialmente presupostadas no proxecto económico presentado para a firma do convenio, que deben ser explicadas e motivadas convenientemente na memoria; en caso de gastos relativos a aloxamento, mantenza, viaxes, traslados..., de ser o caso, débese especificar nesta memoria a relación de persoas ás que se refiren os gastos e da súa relación coa actividade conveniada; e todas aquelas cuestións que se considere precisen explicación.

- c. A declaración responsable de exención ou suxeición á obriga de declarar o IVE, con indicación da prorrata no seu caso.

- d. Unha declaración responsable que conteña unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade conveniada con indicación do importe e a súa



procedencia. No caso contrario, presentarán declaración de non ter solicitado nin concedido ningunha axuda para a actividade conveniada.

e. A acreditación de estar ao corrente de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, mediante:

- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- Certificación positiva de non ter contraída ningunha débeda de natureza tributaria coa Facenda Pública da Comunidade Autónoma, expedida pola Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA).
- Certificación positiva de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, expedida pola Tesourería da Seguridade Social.

A Agadic poderá consultar a través de medios de interoperabilidade os datos elaborados polas Administracións públicas sobre a situación de que a entidade se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, agás que medie oposición expresa da entidade, en cuxo caso a entidade deberá achegar a documentación que a continuación se relaciona.

Antes da realización de calquera pagamento por parte da Agadic, a entidade deberá estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

4. A documentación correspondente á xustificación presentarase de forma electrónica a través do Rexistro electrónico da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>). En canto á forma de presentación, os xustificantes de gasto así como os seus xustificantes de pagamento deberán entregarse clasificados segundo os apartados da relación clasificada de gastos presentada.

5. A totalidade do importe achegado pola Agadic está destinado a cubrir os custos das actividades conveniadas, segundo a memoria presentada, sen que haxa beneficio económico de ningún tipo por parte da entidade, e en ningún caso existirá ánimo de lucro xerado polas actividades desenvolvidas nin beneficio industrial ningún.

6. O prazo para presentar a documentación xustificativa por parte da entidade remata o **20 de setembro de 2022**.

SEXTA. DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E OS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Agadic e das entidades. A Agadic resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público. Os resultados deste programa de actividades quedarán para futuras edicións e as partes poderán utilizalos nun futuro indistintamente.

Calquera que sexa o medio de difusión, as partes comprométese a facer mención expresa deste convenio. En calquera caso as entidades poderán facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.



SÉTIMA. PERSOAL E RELACIÓNS LABORAIS

A sinatura deste convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades e a Agadic, de xeito que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade, nin directa, nin indirecta, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos durante a execución das actuacións e/ou a vixencia deste convenio.

OITAVA. PUBLICIDADE DO CONVENIO

1. Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2017, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

2. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno Aberto.

NOVENA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia –Agadic– coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive deste convenio.

Os datos de carácter persoal que deriven das actuacións desenvolvidas directamente polas entidades, serán tratados por esta na súa condición de responsable do tratamento.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

3. Os datos recadados pola Agadic serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia coa finalidade de cumprir co obxecto deste convenio.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia, axustarase á dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora no procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

6. Así mesmo, as entidades convenientes someteranse ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas



físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos) e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMA. MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN

1. As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

2. Serán causas de resolución deste convenio as seguintes:

a) O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas neste.

b) O acordo mutuo.

En caso de resolución, o convenio terá os efectos establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

3. O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará a outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo. En tal caso as partes realizarán a correspondente liquidación en relación cos gastos efectivamente executados polas entidades e debidamente xustificadas ou aqueles compromisos firmes adquiridos con terceiros que foran debidamente acreditados.

DÉCIMO PRIMEIRA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO

1. A Agadic nomeará un responsable do seguimento das actividades contempladas neste convenio.

2. Para o desenvolvemento das actividades obxecto do convenio créase, de acordo co previsto no artigo 49.f da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, un órgano mixto de vixilancia e control da execución e aplicación deste convenio e de resolución de controversias administrativas. A esta comisión mixta de seguimento serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non recollidas nel, e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

A estes efectos, e no ámbito desta comisión mixta de seguimento, as partes manterán reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades levadas a cabo, nun proceso de colaboración mutua entre ambas.

3. Esta comisión estará composta polos seguintes membros:

– A persoa titular da presidencia das entidades ou persoa que legalmente as represente, ou unha persoa das entidades que a substitúa.

– A persoa titular da dirección da Agadic actuará como presidente e a suplencia exercerase pola persoa titular do Departamento de Coordinación Xeral e Xerencia da Agadic.

– Actuará como secretario, con voz pero sen voto, un funcionario da Agadic.



DÉCIMO SEGUNDA. NATUREZA XURÍDICA

1. Este convenio ten carácter administrativo e rexerase polas súas cláusulas e, no seu defecto, polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, e demais normativa de aplicación.
2. Así mesmo, este convenio está excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, se ben observaranse os seus principios para resolver as lagoas e dúbidas que se puidesen presentar.

DÉCIMO TERCEIRA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estará en vigor dende o día da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2022.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan

POLA AGADIC

Jacobo Sutil Nesta
Director da Agadic
(P.D. do presidente do Consello Reitor da Agadic,
DOG 29/08/2012)

POLA ASOCIACIÓN GALEGA DE EMPRESAS DE ARTES ESCÉNICAS

Santiago Cortegoso
Presidente

